



## ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA DUN EPISODIO DE VAGA DE CALOR

**DATA DE ENVÍO:** 21/06/2026

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA

### NIVEL DE ALERTA: VERMELLO

A Dirección xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, actualiza a partires dos datos de Meteosalud e Meteogalicia o episodio de **VAGA DE CALOR** que para mañá **LUNS 22 DE XUÑO** afectará as seguintes zonas e cos seguintes niveis:

**NIVEL VERMELLO:** LUGO (CENTRO E MONTAÑA)

**NIVEL LARANXA:** A CORUÑA (INTERIOR), LUGO (SUR), OURENSE (NOROESTE, MIÑO, MONTAÑA E VALDEORRAS) E PONTEVEDRA (INTERIOR)

**NIVEL AMARELO:** A CORUÑA (NOROESTE), LUGO (A MARIÑA) E OURENSE (SUR).

Segundo informa Meteogalicia informa que a masa de aire moi cálido procedente do norte de África, que chegaba a Galicia durante a xornada de onte, continuará hoxe domingo, mañá lúns e o martes sobre Galicia. Deixará temperaturas moi elevadas, tanto nos valores mínimos como nos máximos, especialmente no interior, aínda que os elevados valores de temperatura acadarán tamén puntos do litoral.

Esta masa de aire ven impulsada pola altas presións localizadas ao norte da península Ibérica e unha pequena baixa no Atlántico. Esta pequena baixa será a responsable de que se poidan producir tormentas no interior durante as tardes e polas noites.

A previsión indica que o episodio finalizará o mércores na meirande parte de Galicia, aínda que en puntos do interior habería que agardar ao xoves para notar a suavización das temperaturas pola entrada de aire marítimo procedente do Atlántico, máis fresco e húmido.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións, transmitindo e informando a cidadanía que participe en eventos, do tipo que sexa, das medidas de autoprotección que deben adoptar.

SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CIAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal), e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)